

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36004526	CPR Plurilingüe San Narciso	Marín	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación plástica e visual	1º Pri.	1	35

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	11
4.2. Materiais e recursos didácticos	11
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	12
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	12
6. Medidas de atención á diversidade	13
7.1. Concreción dos elementos transversais	13
7.2. Actividades complementarias	14
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	14
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	15
9. Outros apartados	15

1. Introducción

Este documento desenvolve a programación da Área de Educación Plástica e Visual do Primeiro curso de Educación Primaria do Colexio Sei San Narciso de Marín para o curso 2023-2024, segundo os criterios do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Educación Plástica e Visual deberá ser entendida como unha linguaxe universal, sen fronteiras.

É un medio excelente para comprender e transmitir a cultura, a técnica e as ideas.

É importante que o alumnado descubra as posibilidades expresivas, estimular a súa capacidade creativa, fomentar a espontaneidade e a desinhibición.

A área de Educación Plástica e Visual tentará desenvolverse ao máximo a pesar da limitación horaria semanal.

Débase aproveitar a motivación que provoca no alumnado. É unha materia educativa moi ben aceptada, valorada e apreciada por parte do alumnado.

Ademais da transversalidade que caracteriza esta materia para todas e cada unha das áreas desta etapa, a presente Programación Didáctica (PD) está pensada para poder traballar conxuntamente coa outra materia de ámbito artístico, Música e Danza.

A súa finalidade principal na Educación Primaria neste centro será:

- Desenvolver no alumnado as capacidades perceptivas, expresivas e estéticas a partir do coñecemento teórico e práctico das linguaxes audiovisuais.
- Potenciar a imaxinación, a creatividade e a intelixencia emocional.
- Favorecer o espírito crítico ante obras e manifestacións culturais.
- Adquirir as destrezas necesarias para empregar os elementos plásticos como recursos expresivos.

Cada unha das 3 Unidades Didácticas (UD) que conforman esta PD está concibida para inculcarlle ó alumnado a importancia de que o relevante non é o bonito ou feo que sexa o traballo realizado ou o seu valor artístico, senón que este sexa quen de adquirir técnicas e procedementos acordes á súa idade. A tal fin, a capacidade perceptiva, a observación, a habilidade manual e motriz e a sensibilidade ante calquera manifestación artística debe ser potenciada. Darase especial importancia a dotar dunhas técnicas axeitadas para que o alumnado saiba expresarse mediante a expresión plástica e audiovisual, así como con outros medios de expresión e comunicación.

Esta PD está planificada de xeito que as 3 UD teñen unha temporalización de carácter trimestral.

Cada Unidade Didáctica estará divida en varios apartados:

- A Plástica e o seu contexto: Observación de obras representativas de arte. Obras elexidas e seleccionadas tendo en conta a idade e a evolución do alumnado.
- Creatividade e composición: Elaboración de obras propias empregando diferentes materiais.
- Sección de volume: Realización de obras recortables para cada unidade ou para días especiais (conmemoracións).
- Nova visión plástica: Animacións, imaxes, emprego de ordenador...
- Sección lúdica: Xogos e actividades para practicar o aprendido e para fomentar a participación e a desinhibición.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa, para desenvolver a curiosidade, a sensibilidade, o pensamento crítico e o respecto pola diversidade.		3	1	1	3	1	2	1-2

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Investigar acerca de diferentes manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais e os seus contextos, empregando diversas canles, medios e técnicas, para gozar delas, entender o seu valor, así como desenvolver o pensamento e unha sensibilidade artística propia.	3	3	2	1		3		1-2
OBX3 - Expresar e comunicar de maneira creativa ideas, sentimentos e emocións, experimentando coas posibilidades do son, da imaxe e dos medios dixitais, para producir obras propias.	1	1		2	5	2	1	3-4
OBX4 - Participar do deseño, elaboración e difusión de producións culturais e artísticas plásticas e visuais, tanto individuais coma colaborativas, poñendo en valor o proceso e asumindo diferentes roles na consecución dun resultado final, para desenvolver a creatividade, a noción de autoría e o sentido de pertenza.	1	3	3			2	1-3	3-4

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Os trazos	Esta UD1 inicia as bases para este curso, a dinámica, a rutina de traballo, a responsabilidade e coidado do material. Traballarase a recepción activa e a vivencia dos elementos básicos da expresión plástica e audiovisual. As conmemoracións do Magosto, Samaín e Nadal cobrarán especial relevancia.	35	14	X		
2	As profesións	Esta UD2 prosegue o traballo da UD1, reforzando e ampliando paulatinamente os elementos plásticos e audiovisuais relacionados cos trazos. O Día da Paz, o Entroido e o Día Internacional da Muller traballarase de xeito máis destacado.	30	10		X	
3	O broche final	A UD3 desenvolve os elementos dos contidos das UD1 e UD2, mais o seu propósito será, fundamentalmente, afianzar os xa traballados e aplicalos	35	11			X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
3	O broche final	nos deseños e composicións. As Letras Galegas serán de especial relevancia.	35	11			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Os trazos	14

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Identifica a posición dos elementos plásticos tendo en conta as técnicas espaciais.	TI	100
CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Identifica os conceptos de horizontalidade e verticalidade e emprégaos nas súas composicións.		
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta as producións propias e alleas.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Traza, empregando a regra, rectas paralelas e perpendiculares.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Participa nun mural grupal (combinando técnicas de picado, encartado e pegado) respectando as ideas dos demais e colaborando nas tarefas que lle foron encomendadas.		
CA2.5 - Compartir as experiencias creativas plásticas e visuais, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Comprende e explica o visto e oído na aula sobre a historia e a obra dalgún pintor ou pintora.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Coida e emprega axeitadamente os recursos de traballo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Emprega a cuadrícula no ordenador como referencia para copiar e representar modelos de maneira proporcionada.		
CA4.5 - Compartir as experiencias creativas, gozando e explicando o proceso e o resultado final obtido.	Debuxa, completa e coloreá co ordenador e a pantalla dixital autoretratos e obras dalgún pintor ou pintora.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Materiais, instrumentos, soportes e técnicas elementais utilizados na expresión plástica e visual. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación.

UD	Título da UD	Duración
2	As profesións	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Descubrir propostas artísticas plásticas e visuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Aproxímase á lectura dunha imaxe identificando os elementos fundamentais.	TI	100
CA1.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Selecciona obras dalgún pintor ou pintora entre outros/as artistas.		
CA1.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Recoñece as imaxes fixas e en movemento no seu entorno.		
CA2.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, a imaxe e os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Coñece algunha das profesións dos ámbitos artísticos. Recoñece as características do traballo de profesionais da artesanía		
CA2.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas plásticas e visuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Identifica e relaciona distintos elementos da obra dun pintor ou pintora.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Participa nunha fotomontaxe grupal sobre as profesións traballadas na aula, respectando as ideas dos demais e colaborando nas tarefas que lle foron encomendadas.		
CA2.6 - Manifestar respecto na realización de actividades, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora as producións creadas por diferentes profesionais artísticos.		
CA3.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas audiovisuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Coñece, lembra e distingue o tema das obras plásticas dalgún pintor ou pintora traballadas na aula.		
CA3.4 - Iniciarse na identificación do significado de distintas manifestacións culturais e artísticas audiovisuais que forman parte do patrimonio de diversas contornas, compartindo sensacións, indicando as canles, medios e técnicas empregados e identificando diferenzas e similitudes.	Emprega a cuadrícula no ordenador como referencia para copiar e representar modelos de maneira proporcionada.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Expresar de forma guiada ideas, sentimentos e emocións a través de manifestacións artísticas audiovisuais sinxelas, experimentando coas diferentes linguaxes e instrumentos ao seu alcance.	Elabora co ordenador deseños da cultura dalgún pintor ou pintora traballado na aula.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Procura imaxes dixitais na Internet, seleccionando, copiando e pegando ditas imaxes noutro documento.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora o uso das TIC para documentarse.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Elementos configurativos da linguaxe visual: observación e exploración sensorial. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións plásticas e visuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas plásticas e visuais. - Estratexias básicas de recepción activa. - Vocabulario específico básico das artes audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Valoración e interese, tanto do proceso coma do produto final, en producións audiovisuais. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

UD	Título da UD	Duración
3	O broche final	11

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Describir de forma oral e gráfica elementos de manifestacións culturais e artísticas plásticas e visuais seleccionadas, comezando por aquelas máis próximas, explorando as súas características e iniciándose no emprego do vocabulario específico básico destas.	Coñece, lembra e describe os datos máis relevantes da vida e obra dalgún pintor ou pintora traballado na aula.	TI	100
CA1.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas plásticas e visuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Respecta as producións propias e alleas.		
CA2.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións plásticas e visuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Coloca de xeito acertado etiquetas de cores coas emocións que espertan as versións de distintas obras dalgún pintor ou pintora.		
CA2.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas, utilizando elementos básicos da linguaxe plástica e visual.	Participa nunha pinacoteca grupal de autorretratos, respectando as ideas dos demais e colaborando nas tarefas que lle foron encomendadas.		
CA3.1 - Descubrir propostas artísticas audiovisuais de diferentes xéneros, estilos, épocas e culturas, a través da recepción activa e mostrando curiosidade por elas.	Recoñece e interpreta a información que ofrecen as imaxes con diferentes técnicas artísticas e comunica as sensacións, elaborando informacións básicas.		
CA3.3 - Desenvolver e aplicar a capacidade de procura de información sobre manifestacións culturais e artísticas audiovisuais, de maneira básica e guiada, a través de canles e medios de acceso sinxelos, de forma individual e colaborativa.	Emprega as TIC de xeito responsable para a procura, creación e difusión da obra dalgún pintor ou pintora traballado na aula.		
CA3.5 - Manifestar respecto na recepción de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva.	Goza coa aprendizaxe obtida a través do uso das TIC e amosa interese polo uso destas.		
CA4.1 - Producir obras propias de maneira guiada, utilizando algunhas das posibilidades expresivas do corpo, o son, a imaxe e diferentes ferramentas de expresión audiovisual, incluídos os medios dixitais básicos, con curiosidade, interese e gozo e mostrando confianza nas capacidades propias.	Organiza no ordenador o espazo das súas producións empregando os conceptos básicos de composición, equilibrio e proporción.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Participar de maneira guiada no deseño de producións audiovisuais elementais, traballando de forma colaborativa a través dun enfoque coeducativo baseado na igualdade e no respecto á diversidade.	Participa de xeito positivo amosando interese na visita virtual a un museo onde aparecen obras algún pintor ou pintora traballado na aula.		
CA4.4 - Tomar parte no proceso cooperativo de creación de producións culturais e artísticas audiovisuais, utilizando elementos básicos da linguaxe audiovisual.	Participa de xeito positivo en actividades e xogos de ordenador sobre localización de obxectos ocultos, labirintos e deseño de paisaxes.		
CA4.6 - Manifestar respecto na creación e interpretación de propostas artísticas audiovisuais, interiorizando as normas elementais de comportamento e mostrando unha actitude positiva e empática cara á expresión de ideas, sentimentos e emocións dos demais.	Valora e respecta a estética das obras representadas e realizadas a través do ordenador.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Estratexias básicas de recepción activa. - Cultura visual. A imaxe no mundo actual. Descrición de imaxes presentes no contexto próximo. - Vocabulario específico básico das artes plásticas e visuais. - Propostas artísticas de diferentes correntes estéticas, procedencias e épocas producidas por creadoras e creadores locais, rexionais e nacionais. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na recepción de propostas plásticas e visuais en diferentes espazos culturais e artísticos. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Medios, soportes e materiais de expresión plástica e visual: experimentación. Técnicas bidimensionais e tridimensionais básicas en debuxos e modelados sinxelos. Manipulación de obxectos para a súa transformación. Utilización de elementos presentes na contorna natural con fins artísticos. - Fases do proceso creativo: planificación guiada e experimentación. - Estratexias básicas de recepción activa. - Propostas audiovisuais elementais. Nocións básicas sobre cinema. Características sinxelas de imaxes fixas e en movemento en contextos culturais próximos. Respecto e valoración destas desde unha perspectiva de xénero. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva en diferentes espazos culturais e artísticos audiovisuais. O silencio como elemento e condición indispensable para manter a atención durante a recepción. - Composición guiada de historias audiovisuais sinxelas básicas con intención comunicativa para ser recreadas. - Normas elementais de comportamento e actitude positiva na creación e interpretación de propostas culturais e artísticas audiovisuais.

4.1. Concrecións metodolóxicas

No tocante ao aspecto metodolóxico, a presente PD remítese en primeira instancia ás liñas de actuación reflectidas no currículo, as cales se levarán ao longo das diferentes sesións da materia.

As diferentes UD permitirán, no seu conxunto, o traballo da totalidade dos contidos do currículo, así como dos elementos transversais, dos obxectivos da etapa e están pensadas para a consecución do logro de cada un dos criterios de avaliación (CA) establecidos, ou, alomenos, os mínimos de consecución correspondentes, así como para a progresiva adquisición das competencias clave correspondentes de cara ao perfil de saída do alumnado ao remate da educación primaria.

Levarase a cabo o uso dunha metodoloxía áxil e dinámica, práctica e realista, activa e participativa, construtiva, creativa, motivadora, lúdica e amena. Sobre todo, tendo en conta que se inicia unha nova etapa para o alumnado. As características fundamentais da metodoloxía son:

- Funcionalidade: as aprendizaxes están dirixidas a unha aplicación práctica do aprendido.
- Ambiente cooperativo: traballo cooperativo en grande grupo, pequeno grupo e por parellas, traballando man con man.
- Uso de tecnoloxías de comunicación e información como recurso de aprendizaxe (CDs, vídeos, webs...) xa que ofrecen máis variedade e posibilidades de acceder a contidos reais.
- Potenciación das aprendizaxes significativas partindo sempre da realidade e do que se coñece para facilitar a súa comprensión.
- Ambiente de traballo cómodo para evitar a inhibición.
- Atención á diversidade do alumnado á hora de seleccionar contidos e respectar o ritmo de aprendizaxe.
- Metodoloxía baseada no descubrimento guiado e na participación e implicación activa do alumnado.
- Os erros serán considerados como parte do proceso de aprendizaxe e fonte de coñecemento.
- Continuación de traballo con rutinas e repeticións de actividades básicas para que o alumnado se sinta máis seguro.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Pantalla dixital, ordenador, reporductor de audio, autofalantes, cámara fotográfica...
Material funxible: Pinceis e témperas, lapis e lapis de cores, goma, sacapuntas, ceras, rotuladores, pegamento, tesoiras...
Bloc de debuxo e cartolinas, papel continuo, goma eva...
Estoxo
Pasta de modelaxe
Material de refugallo

A aula usada para a impartición de Educación Plástica e Visual neste centro é a aula base. É unha aula con ventanais que permiten a entrada de luz natural e tamén é unha aula ampla que facilita a posibilidade de diferentes agrupamentos para realizar distintas actividades. Conta cun ordenador conectada á pantalla dixital que favorece o traballo coas novas tecnoloxías.

O material empregado está dentro da aula, nunha estantería adicada unicamente ao material plástico (folios, cores, pinturas, tesoiras, cartolinas...).

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Revisados os informes individualizados do noso alumnado; de especial interese é a información deste ampliada por parte das persoas titoras do curso anterior ao ser posible unha reunión presencial con estas dado que continúan no equipo docente do centro.

Realizarase unha proba durante as 4 primeiras sesións a modo de avaliación inicial e a través de produción/s concreta/s que permitan establecer uns criterios claros do nivel mínimo de cada alumna/o. Esta consistirá na realización dun debuxo persoal onde se observará e valorará o avance e progreso da etapa pre-esquemática: aproximación á forma definida á hora de debuxar, se a composición ten algo de perspectiva, tamaño normal no debuxo, emprego de cores primarias nas imaxes e rectas trazadas con soltura e seguridade.

A partir do conxunto de datos obtidos do anteriormente citado tratarase na reunión da avaliación inicial, onde se xunta a titora, o equipo docente da aula, o equipo directivo e o DO, o modo de intervención daquelas posibles dificultades atopadas.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	35	30	35	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

A totalidade dos CA da presente PD serán avaliados por medio dunha táboa de indicadores, da cal se levará un rexistro cunhas escalas de valoración/rúbrica, pois un grande número delas son de observación.

A nota trimestral, no tocante o que ás UD se refire, será a seguinte:

-1º trim.: UD1 100%

-2º trim.: UD2 100%

-3º trim.: UD3 100%

O 100% da nota da avaliación final obterase do xeito seguinte:

-1º trim. 35%

-2º trim. 30%

-3º trim. 35%

Cando a cualificación obtida, tanto trimestral como final, fora un resultado con decimais, por defecto aplicarase o seguinte:

- Se o decimal estiver entre 0 e 49 o número da nota enteira será o mesmo que sen decimais.

- Se o decimal estiver entre 5 e 99 o número enteiro redondearase para o inmediatamente superior.

Criterios de cualificación:

En calquera caso, se por análise da persoa docente e/ou o conxunto da Xunta de Avaliación, a progresión do alumnado argumenta a este/a/s a conveniencia de non aplicar o anterior por defecto, atendendo a razóns pedagóxicas, isto será o que prevalecerá.

Criterios de recuperación:

Aquel alumnado que non tivese acadado os obxectivos mínimos da materia ó final de cada UD, poderá recuperalos ao final de cada trimestre. A recuperación consistirá nun debuxo e unha manualidade relacionados coa UD do Trimestre. A familia será informada de dita recuperación.

6. Medidas de atención á diversidade

Non todo o alumnado aprende da mesma forma e ao mesmo ritmo, por iso realizaránse actividades a distinto nivel:

- Actividades programadas para todo o grupo.
- Actividades de reforzo para o alumnado cun ritmo lento e baixa comprensión.
- Actividades de ampliación para alumnado cunha aprendizaxe máis rápida.
- Xogos adicionais con cartas, taboleiros...

Porase énfase na detección temperá do alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria. Así, tan rápido como se detecten dificultades específicas de aprendizaxe farase un reforzo educativo coa finalidade de que este adquira os coñecementos necesarios para continuar o proceso educativo.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X
ET.3 - - Comunicación audiovisual	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X	X	X
ET.5 - Fomento da creatividade, espírito científico e do emprendemento	X	X	X
ET.6 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X
ET.7 - - Educación para a paz e prevención e resolución pacífica de conflitos		X	
ET.8 - - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible	X	X	X
ET.9 - - Educación para a saúde	X	X	X

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Decorar os corredores trimestralmente	Decoración dos corredores cos traballos propostos para celebrar as conmemoracións escolares realizadas.	X	X	X
Exposicións dos traballos realizados en cada UD	Exposición destes en diferentes espazos do centro: corredores, patio, espazos comúns...	X	X	X
Colaboración no Xornal do Centro	Ao longo do curso colabórase enviando traballos grupais e individuais para editar no Xornal do Centro.	X	X	X

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Adecuouse o deseño das UD ás características e necesidades do alumnado
Funcionalidade da programación: revisouse ao longo do curso e foi práctica e útil para acadar os obxectivos propostos.
Cumpríuse a temporalización inicialmente establecida.
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
Metodoloxía empregada
A persoa docente empregou as metodoloxías reflectidas na PD
Medidas de atención á diversidade
Leváronse a cabo as medidas de atención á diversidade e foron efectivas
Clima de traballo na aula
Consegiuise a participación activa de todo o alumnado
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Apoiouse a implicación das familia no traballo do alumnado

Descrición:

En liñas xerais farase un seguimento trimestral para a comprobación dos indicadores de logro.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Tralo remate de cada trimestre revisarase a PD. Dita revisión terá en conta os seguintes puntos:

1. Seguimento da PD no apartado correspondente do PROENS:

- Reunións trimestrais do equipo docente da coordinación de ciclo.
- No tocante ás UD: data de inicio e final, número de sesións previstas e realizadas.
- Grao de cumprimento da PD con carácter xeral dos indicadores de logro desta.
- Propostas xerais de mellora e outras observacións.

2. Análise da situación no tocante ás dificultades atopadas no alumnado:

Se os resultados fosen positivos continuarase na mesma liña de traballo.

Se os resultados fosen negativos levaranse a cabo propostas de mellora.

Accións de mellora:

- Ofrécese ao alumnado as explicacións individualizadas.
- Elaboración de actividades atendendo ás dificultades mostradas.
- Probas de avaliación de distinta dificultade.
- Comentar co alumnado os fallos máis significativos dos traballos realizados.

En función do anterior:

-Revisión das necesidades de atención educativa (reforzo, etc.)

3. Actividades complementarias (realizadas ou non).

A avaliación dos datos recollidos farase mediante o cadro referido no apartado 8.1.

Así mesmo, esta información será incluída na memoria final da materia, con especial relevancia nas posibles propostas de mellora para levar a cabo no seguinte curso académico.

9. Outros apartados